

Praza número: 26/1002

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 11:30 horas do día 16 de xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Santiago Rodríguez Yáñez

Secretaría: Virginia Mato Abad

Vogal 1º: Juan Carlos Dafonte Vázquez

Repr. persoas traballadoras: Alfonso Castro Martínez

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s: Linguaxes e Sistemas Informáticos e Enxeñería Telemática

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Praza número: 26/1002

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en na Web of Science (Journal Citation Reports). Aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador en función da súa posición en base do Journal Impact Factor (JIF) e da afinidade da publicación coa especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso:

- Ata 1 se a revista é Q1 e Q2.
- Ata 0.75 se a revista é Q3.
- Ata 0.5 se a revista é Q4.
- Ata 0.25 se a revista non está indexada no JCR.

Para esta puntuación terase en conta a posición ocupada pola revista no ano de publicación do artigo, e se non está dispoñible, a última publicada.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congresos de calidade contrastada ou incluídos en listaxes de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As publicacións en actas de congresos valoraranse en función da súa puntuación na clasificación ICORE, dispoñible en <https://portal.core.edu.au/conf-ranks/>, co seguinte baremo:

- Ata 2,5 punto se o congreso é A*, en función da afinidade da publicación coa especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso.
- Ata 1,5 punto se o congreso é A, en función da afinidade da publicación coa especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso.
- Ata 0,75 puntos se o congreso é B ou C, en función da afinidade da publicación coa especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso.
- Ata 0,5 puntos se o congreso é Other, en función da afinidade da publicación coa especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso.

Outros artigos en congresos con avaliación por pares que non aparezan na clasificación ICORE valoraranse con 0,25 puntos se son internacionais e 0,15 se son nacionais.

A Coruña, 16 de xullo de 2026.

A presidencia,

Santiago Rodríguez Yáñez

A secretaría,

Virginia Mato Abad